

ACTA NUMERO UNHA DAS REALIZADAS POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN
PLENO DESTE CONCELLO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA O DÍA NOVE DE XULLO DE
DOUS MIL SETE :- - - - -

- - - - -

=====

PRESIDENTA :

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS :

- D. Salvador Durán Bermúdez
- D^a M^a Paz Lago Martínez
- D. Angel Casal Moldes
- D. Constantino Sanmartín Quiñones
- D^a Almudena Aguín Fernández
- D. Manuel López Méndez
- D^a Susana Fernández Trelles
- D. Martín Otero Otero
- D. Roberto-Alfonso Fernández Lores
- D^a Gloria González Camiña
- D. David Otero Domínguez
- D^a Sandra Fernández Agraso
- D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
- D. Manuel Lores Puente
- D. José-Ramón López Fernández
- D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

INTERVENTOR XERAL:

D. José-Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO ACCTAL.:

D. Luis-Angel Sabariz Rolán

=====

No salón de actos da casa consistorial de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día nove de xullo de dous mil sete. Baixo a presidencia da Sra. alcaldesa D^a CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse os Sres. concelleiros que ó marxe se relacionan co fin de realizar a sesión extraordinaria da corporación municipal en Pleno deste concello convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola presidencia declárase aberta e pública a sesión co obxecto de trata-los asuntos incluídos dentro da Orde do Día da convocatoria circulada ó efecto. -----

ACTAS ANTERIORES:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O 16 DE XUÑO DE 2007. Preguntou a **Sra. alcaldesa** se había algunha alegación en relación co contido da acta da sesión constitutiva da corporación que tivo lugar o día dezaseis de xuño e tomou a palabra a **voceira do Grupo Municipal do PS de G-PSOE, Dª Mª Dulcinea Aguín Pombo**, para dicir que non ía dar a conformidade ó acta porque na formación da mesa de idade hai unha irregularidade, xa que o membro máis novo da corporación que é D. Manuel Lores Puente non formou parte da mesa senón Dª Almudena Aguín Fernández que ten máis idade.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que, efectivamente, houbo un erro na formación da mesa ó que non se debe dar tanta importancia engadindo que parece que o PSOE colabora pouco para solucionar un tema formal e solicitou ó Sr. secretario que interviria en relación con este tema.

O **Sr. secretario** manifestou que se o ocorrido no pleno foi o que se reflicte no acta, aínda que a mesa de idade estivera constituída cun erro nun dos membros, o documento pode ser aprobado e que se alguén quere recorrer por cuestións de fondo a elección da alcaldesa por unha defectuosa formación da mesa de idade pois haberá que estar ó que dispoña a normativa.

A alcaldesa decidiu deixar a aprobación da acta pendente para a próxima sesión solicitando ó secretario un informe xurídico sobre esta cuestión formal e de fondo, non formulándose máis intervencións sobre este punto.-----

2º) DACIÓN CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS. Por orde da presidencia o **Sr. secretario** informou sobre a constitución e composición dos grupos municipais en base ós escritos presentados e á normativa aplicable, a corporación municipal de Sanxenxo está formada polos seguintes:

**** GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO:** Dª Mª Dulcinea Aguín Pombo (voceira), D. Manuel Lores Puente e D. José-Ramón López Fernández.

**** GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR:** Dª Catalina González Bea, D. Salvador Durán Bermúdez (voceiro suplente), Dª María Paz Lago Martínez (voceira suplente), D. Ángel Casal Moldes (voceiro), D. Constantino Sanmartín Quiñones, Dª Almudena Aguín Fernández, D. Manuel López Méndez, Dª Susana Fernández Trelles e D. Martín Otero Otero.

**** GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO:** D. Roberto-Alfonso Fernández Lores (voceiro), Dª Gloria González Camiña (voceira suplente), D. David Otero Domínguez (voceiro suplente) e Dª Sandra Fernández Agraso (voceira suplente).

**** GRUPO MUNICIPAL MIXTO:** D. José-Luis Rodríguez Lorenzo.

O **Sr. secretario** explicou que o grupo mixto está constituído polo concelleiro electo D. José-Luis Rodríguez Lorenzo porque o seu partido “Veciños Independentes por Sanxenxo” (VIPS) non acadou un mínimo de dous concelleiros como esixe a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.-----

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO. Polo **Sr. secretario** dáse lectura á seguinte proposta da alcaldía:

“”De acordo co disposto no artigo 210.2.a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia en relación á periodicidade das sesións do Concello Pleno en relación co artigo 38.a) do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, propónse ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO: as **sesións ordinarias** do **Concello Pleno** realizaranse o **último martes** dos meses de **xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro** ás **vinte horas e trinta minutos**. Si coincidiran cun día festivo realizarase o martes anterior hábil.””

O **Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, solicitou, como rogo, que as sesións extraordinarias tamén sexan á mesma hora que as ordinarias para facilita-la asistencia de concelleiros/as ós que a súa xornada laboral dificulta a presenza noutros horarios.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que trataría, na medida do posible, de atender este rogo, aínda que había que comprender que nalgunhas ocasións determinadas tramitacións poderían motivar que haxa outros horarios para algunha sesión extraordinaria.

Sometida a proposta a votación foi aprobada por unanimidade por tódolos concelleiros/as asistentes.-----

4º) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS DE ESTUDO, INFORME OU CONSULTA (COMISIÓNS INFORMATIVAS). Polo **Sr. secretario** dáse lectura á seguinte proposta da alcaldía:

“”Despois de analizada a xestión municipal, esta alcaldía considera que debe manterse o mesmo número de comisións informativas existentes na anterior corporación e coa mesma denominación.

En materia de proporcionalidade considérase que, co fin de que o representante do grupo mixto pertenza a tódalas comisións, estas pasarían a estar formadas por 13 membros (7 do Grupo Municipal do PP, 3 do Grupo Municipal do BNG, 2 do Grupo Municipal do PS de G-PSOE e 1 do Grupo Municipal Mixto). Isto sería pouco operativo, pois as comisións terían, practicamente, os mesmos membros que o Concello Pleno. Considérase así que resultaría moito máis eficaz, dende o punto de vista da xestión municipal, que as comisións estean formadas, unicamente, por catro membros (1 representante por cada un dos grupos municipais), pero con voto ponderado.

Por este sistema, do voto ponderado, a decisión do representante do Grupo Municipal do PP computaríase como 7 votos, a do representante do Grupo Municipal do BNG como 3 votos, a do

representante do Grupo Municipal do PS de G-PSOE como 2 votos e a do representante do Grupo Municipal Mixto como 1 voto.

A retribución por asistencia ás sesións das comisións informativas sería proporcional á representación de cada grupo, de xeito que o representante do Grupo Municipal do BNG percibiría 270,45 euros (90,15 x 3), o representante do Grupo Municipal do PS de G-PSOE 180,30 euros (90,15 x 2) e o representante do Grupo Municipal Mixto percibiría 90,15 euros por cada sesión ás que asistan. O Grupo Municipal do PP non percibiría ningún emolumento por asistencia xa que os seus membros teñen dedicacións parciais ou totais.

En base ó exposto e de acordo co disposto no artigo 124.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro en relación co 59.2.d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración local de Galicia así como o 38.b) do Real decreto citado e 68 da lei tamén sinalada, propónse ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: as comisións de estudo, informe ou consulta (comisións informativas) serán as seguintes:

- **Comisión de Urbanismo.**
- **Comisión de Asuntos Xerais.**
- **Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio.**

SEGUNDO: de acordo co exposto nos parágrafos precedentes as comisións informativas estarán formadas por:

- **1 membro do Grupo Municipal do Partido Popular.**
- **1 membro do Grupo Municipal do BNG.**
- **1 membro do Grupo Municipal do PS de G-PSOE.**
- **1 membro do Grupo Municipal Mixto.**

TERCEIRO: que as decisións das comisións informativas sexan adoptadas polo sistema de **voto ponderado** do seguinte xeito:

- **Grupo Municipal do PP: 7 votos.**
- **Grupo Municipal do BNG: 3 votos.**
- **Grupo Municipal do PS de G-PSOE: 2 votos.**
- **Grupo Municipal Mixto: 1 voto.**

CUARTO: as retribucións por asistencia a estas comisións informativas serán en función da representación antes reflectida, tendo en conta unha comisión teórica de 13 integrantes.

QUINTO: o presente acordo seralle notificado ós voceiros dos grupos municipais co obxecto de que comuniquen á alcaldía a adscrición concreta a cada comisión, así como os suplentes que consideren oportuno, do que se lle dará conta ó Concello Pleno.

SEXTO: a **Comisión de Urbanismo**, a **Comisión de Asuntos Xerais** e a **Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio** realizarán **sesión ordinaria** cada **dous meses**, co gallo das sesións plenarias de carácter ordinario.””

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, manifestou que está en contra única e exclusivamente das retribucións pola asistencia as sesións das comisións, pola súa inxustiza engadindo que bota en falla un informe do secretario para tratar aspectos xurídicos pois o informe do interventor non fai referencia a si é legal utiliza-lo voto ponderado. Argumentou que a proposta da alcaldesa parte do erro de considerar que se está a facer un favor o “VIPS” cando non é así, porque ten todo o dereito en formar parte das comisións e así o posibilitaron os veciños de Sanxenxo cando decidiron que formara parte da corporación. Rematou dicindo que todo é moi estraño, que non entende que concelleiro/a vai a cobrar esas asistencias dobres ou triplas e que considera que non se pode alterar o principio básico do mundo laboral que di: “*a igual traballo, igual salario*”.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que o concelleiro/a que vai cobrar é, loxicamente, o que asista á comisión e fixouse a retribución cuns criterios de proporcionalidade que aparecen claramente detallados no expediente. Remata dicindo que, por operatividade, houbo que introducir o sistema de voto ponderado.

Insiste o **Sr. Rodríguez Lorenzo** en que vai haber problemas e que falta o informe de secretaría, respondendo a **presidencia** que esta cuestión foi debatida cos voceiros dos grupos, que ela non vai entrar na decisión de enviar a un/ha ou outro/a concelleiro/a as comisións nin no funcionamento interno dos grupos, e que entende innecesario un informe de secretaría.

A **Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, di que o seu grupo vai a votar a favor, parecéndolle ben o voto ponderado.

Sometida a proposta a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a **favor: 16 (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).**

Votos en **contra: 1 (Grupo Mixto).**

En consecuencia, por maioría, aprobouse a proposta.-----

5º) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Ó NOMEAMENTO DOS MEMBROS INTEGRANTES NO CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. Polo **Sr. secretario** dáse lectura á seguinte proposta da alcaldía:

“”NOMEAMENTO DOS MEMBROS INTEGRANTES DO CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE SANXENXO.

De acordo co artigo 8.1 dos estatutos vixentes a Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo está composto pola alcaldía e por seis membros nomeados polo Pleno a proposta dos grupos políticos municipais en proporción á representación deles na corporación municipal.

Pola composición actual da corporación resulta complicado a distribución destes seis membros polos criterios de proporcionalidade, tendo en conta que se pretende que o Grupo Municipal Mixto, que ten un so concelleiro, estea representado no consello.

Analizada a situación, vaise propoñer que ademais desta alcaldía os seis representantes do consello sexan dous membros do Grupo Municipal do PP, dous membros do Grupo Municipal do BNG, 1 membro do Grupo Municipal do PS de G-PSOE e 1 membro do Grupo Municipal Mixto, pero introducindo o sistema de voto ponderado e así, o voto dos dous membros do Grupo Municipal do PP computárase polo dobre para mante-la representación correspondente á maioría que representa o PP na actual corporación.

En consecuencia, esta alcaldía propón ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: que os seis concelleiros que van formar parte do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo sexan:

- 2 representantes do Grupo Municipal do PP.
- 2 representantes do Grupo Municipal do BNG.

- 1 representante do Grupo Municipal do PS de G-PSOE.
- 1 representante do Grupo Municipal Mixto.

Segundo: introducir un sistema de voto ponderado parcial no consello para os dous membros do Grupo Municipal do PP e así o sistema de votación quedaría do xeito seguinte:

- 2 representantes do Grupo Municipal do PP.: 2 votos cada un.
- 2 representantes do Grupo Municipal do BNG.: 1 voto cada un.
- 1 representante do Grupo Municipal do PS de G-PSOE: 1 voto.
- 1 representante do Grupo Municipal Mixto: 1 voto.

A presidencia da xerencia terá tamén un voto co que se completan un máximo de nove votos a emitir.

Terceiro: o presente acordo seralle notificado ós voceiros dos grupos municipais co obxecto de que comuniquen á alcaldía a adscrición concreta a este consello, así como os suplentes que consideren oportuno, do que se lle dará conta ó Concello Pleno.””

A **presidencia** manifestou que esta proposta ten moita relación co punto seguinte que é a modificación dos estatutos da xerencia. Explicou que foi problemático idear esta fórmula provisional para cumprir os estatutos e respectar a proporcionalidade.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, dixo que esta proposta de carácter temporal aínda é peor que a das comisións informativas, xa que entende que pode ser contraria ós vixentes estatutos da xerencia.

A **presidenta** manifestou que a proposta é legal nomeando a 6 membros, e que puido deixar fóra ó representante do grupo mixto perante este mes e medio ata que entre en vigor a modificación estatutaria. Salientou a xenerosidade do PP que perde un membro no consello para garantir a representatividade de todos e piden comprensión para solucionar este tema.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** dixo que dubidaba da legalidade ó non redactarse o informe de secretaría facéndose propostas a lixeira e dicíndolle a Sra. alcaldesa: “*vostede primeiro fai a poda e logo a recolleita*”.

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, anunciou a abstención do seu grupo municipal porque se está a prexudicar ó seu grupo cando ten a mesma representación no consello que o grupo mixto cando o triplica en membros na corporación.

A **Sra. presidenta** entendeu a queixa da Sra. Aguíñ Pombo pero considerou que hai que facer un esforzo ata que se aplique a modificación dos estatutos.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** ofreceuse a continuación para quedar fóra do consello por este tempo, insistindo de novo en que non hai informes xurídicos, lamentando a **Sra. alcaldesa** que esa predisposición do Sr. Rodríguez Lorenzo non houbera sido exposta na reunión dos voceiros que tivo lugar hai uns días para tratar este tema.

Sometida a proposta a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a **favor: 9 (Grupo Municipal do PP)**.

Votos en **contra: 1 (Grupo Mixto).**

Votos pola **abstención: 7 (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).**

En consecuencia, por maioría, aprobouse a proposta.-----

6º) PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. Polo Sr. secretario dáse lectura á seguinte proposta da alcaldía:

“MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE SANXENXO.

O artigo 8.1 dos estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo publicados no BOP nº 110 do 10 de xuño de 2004 dispón que:

“O Consello da Xerencia estará composto polas seguintes persoas:

- O Alcalde, que será o Presidente da Xerencia.
- Os concelleiros membros do Consello, que en número de seis serán nomeados polo Pleno, a proposta dos grupos políticos municipais, en proporción á representación de cada un deles na Corporación Municipal.”

Constituída a nova corporación e para garantir que neste órgano estean representados tódolos grupos políticos resultantes das eleccións locais do pasado 27 de maio, sería moi necesario modificar o citado artigo para ampliar os membros do consello. Por unha banda a representatividade quedaría asegurada e por outra, deixaríase a porta aberta para que, aínda reducindo os membros se utilice o sistema de voto ponderado.

En consecuencia, proponse ó Pleno municipal o seguinte acordo:

PRIMEIRO: modifica-lo artigo 8.1 dos estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo quedando redactado do seguinte xeito:

Artigo 8.1.: O Consello da Xerencia estará composto polas seguintes persoas:

- O alcalde/sa, que será o/a presidente/a da xerencia.
- Os concelleiros/as membros do consello serán trece como máximo, nomeados polo Consello Pleno, a proposta dos grupos políticos municipais, en proporción á representación de cada un deles na corporación municipal. De decidirse un número inferior poderase utiliza-lo sistema de voto ponderado en función da representatividade, se así o acorda o Consello Pleno.

SEGUNDO: expoñer durante o prazo de trinta días no Boletín Oficial da Provincia o expediente ós efectos de recibir reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobado no caso que estas non se produciran (art. 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril).

TERCEIRO: a eficacia e entrada en vigor da modificación destes estatutos producirase unha vez que transcorran quince días dende a inserción do texto da modificación da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.”

Comezou o debate o Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, preguntando a razón de incluír trece membros no consello da xerencia e en qué sesión se decidirá cal é a composición definitiva.

A Sra. presidenta matizou que serán trece membros como máximo, que agora se pretende acorda-la modificación e que cando entre en vigor tomarase noutra sesión o acordo da decisión definitiva sobre a composición exacta.

Sometida a proposta a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a **favor: 13 (Grupos Municipais do PP e BNG).**

Votos en **contra: 1 (Grupo Mixto).**

Votos pola **abstención: 3 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).**

En consecuencia, a corporación municipal en pleno, por maioría, acorda:

PRIMEIRO: modifica-lo artigo 8.1 dos estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo quedando redactado do seguinte xeito:

Artigo 8.1.: O Consello da Xerencia estará composto polas seguintes persoas:

- O alcalde/sa, que será o/a presidente/a da xerencia.
- Os concelleiros/as membros do consello serán trece como máximo, nomeados polo Concello Pleno, a proposta dos grupos políticos municipais, en proporción á representación de cada un deles na corporación municipal. De decidirse un número inferior poderase utiliza-lo sistema de voto ponderado en función da representatividade, se así o acorda o Concello Pleno.

SEGUNDO: expoñer durante o prazo de trinta días no Boletín Oficial da Provincia o expediente ós efectos de recibir reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobado no caso que estas non se produciran (art. 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril).

TERCEIRO: a eficacia e entrada en vigor da modificación destes estatutos producirase unha vez que transcorran quince días dende a inserción do texto da modificación da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.-----

7º) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Ó NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS CONSELLOS ESCOLARES DO MUNICIPIO. Polo Sr. secretario dáse lectura á seguinte proposta da alcaldía:

“”De conformidade co que establece o art. 38 c) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, do 28 de novembro de 1986, propono o Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

* Nomear **representante** da **corporación** nos **consellos escolares dos colexios públicos do municipio** á **Dª Mª PAZ LAGO MARTÍNEZ** e como **suplente** a concelleira **Dª ALMUDENA AGUÍN FERNÁNDEZ.**””

O Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG, manifestou que o seu grupo ía votar en contra porque os representantes da oposición tamén debían pertencer ós consellos escolares e ademais se propón a unha concelleira que a maioría da veces nin vai ás sesións dos consellos. Rematou dicindo que cando se nomea a unha persoa o menos que debe facer é asistir ós consellos.

A **Sra. presidenta** lamentou que só poida haber un representante do concello e que como hai moitos colexios prográmanse habitualmente os consellos escolares para a mesma hora. Matizou que a concelleira de educación foi a moitos pero que, obviamente, coa coincidencia horaria foi imposible asistir a todos. Rematou salientando o gran labor realizado pola concelleira de Educación e Cultura, D^a M^a Paz Lago Martínez, polo gran coñecemento do sistema educativo, do funcionamento das “ANPAS” e das necesidades dos alumnos.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, anunciou o seu voto favorable porque entende que é potestade do grupo de goberno nomear á persoa da súa confianza para esta representación nos consellos escolares.

A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, anuncia o seu voto pola abstención.

Votos a **favor: 10 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto)**.

Votos en **contra: 4 (Grupo Municipal do BNG)**.

Votos pola **abstención: 3 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo)**.

En consecuencia, por maioría, aprobouse a proposta.-----

8º) DESIGNACIÓN DE MEMBROS DA CORPORACIÓN NA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS. Polo **Sr. secretario** infórmase que a alcaldesa de Sanxenxo, D^a Catalina González Bea é membro da Xunta da Mancomunidade do Salnés de acordo co artigo 4º dos seus estatutos. Engadiu que se precisa a elección de dous representantes máis en votación única votando cada concelleiro/a a un só candidato. Rematou dicindo que poden presentarse tódolos concelleiros/as que o desexen.

De seguido anunciaron que se presentaban para seren membros da Xunta da Mancomunidade do Salnés D. Roberto-Alfonso Fernández Lores e D. Angel Casal Moldes.

Procedeuse a votación acadándose o seguinte resultado:

- **D. Roberto-Alfonso Fernández Lores: 7 votos** (Sr. Fernández Lores, Sra. González Camiña, Sr. Otero Domínguez, Sra. Fernández Agraso do Grupo Municipal do BNG, Sra. Aguín Pombo, Sr. Lores Puente e Sr. López Puente do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

- **D. Angel Casal Moldes: 9 votos** (Sra. González, Bea, Sr. Durán Bermúdez, Sra. Lago Martínez, Sr. Casal Moldes, Sr. Sanmartín Quiñones, Sra. Aguín Fernández, Sr. López Méndez, Sra. Fernández Trelles e Sr. Otero Otero do Grupo Municipal do PP).

- **Abstencións: 1** (Sr. Rodríguez Lorenzo do Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, tanto **D. Roberto-Alfonso Fernández Lores** como o **D. Angel Casal Moldes** pasan a ser **membros da Xunta da Mancomunidade do Salnés**, representando, como a Sra. alcaldesa, ó Concello de Sanxenxo.-----

9º) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Ó NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES NA MANCOMUNIDADE DE SERVIZOS DE VERTEDOIRO DE RSU NO CONCELLO DE PONTEVEDRA. Polo **Sr. secretario** dáse lectura á seguinte proposta da alcaldía:

“”De conformidade co disposto no artigo 38.c) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de 28 de novembro de 1986, así como nos Estatutos da Mancomunidade para o servizo de Vertedoiro de Residuos Sólidos Urbanos dos Concellos de Pontevedra e Sanxenxo, na que este concello está representado por tres concelleiros/as (aparte da Sra. alcaldesa que é membro nato); propoño ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Nomear ós concelleiro/as **D. Angel Casal Moldes, D. Manuel López Méndez e Dª Susana Fernández Trelles** para que formen parte do Consello Reitor de dita mancomunidade en representación deste concello.””

Non se produce debate e a presidencia somete a votación a proposta acadándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 10** (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola **abstención: 7** (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia, por maioría, aprobouse a proposta.-----

10º) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Ó RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA E PARCIAL DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN. Polo **Sr. secretario** dáse lectura á seguinte proposta da alcaldía:

“”Tendo en conta a lóxica necesidade de dedicación do grupo de goberno desta Corporación as tarefas propias de desenrolo do municipio, e dedicación das diferentes concellarías ou áreas designadas as súas responsabilidades, así como a consecución dos diferentes obxectivos propostos e actividades cotiáns de goberno, en xusta correspondencia co programa que mereceu a confianza maioritaria dos cidadáns.

Nunha xusta equiparación retributiva de persoal e dignificación da vida pública coa esixencia de plena dedicación e dispoñibilidade permanente ó servizo público do Concello nas diferentes áreas de goberno, en réxime de 24 horas, sen prexuízo do réxime específico de cada dedicación e delegación.

Leva a esta Alcaldía a propoñer perante o Pleno da Corporación o seguinte réxime de dedicacións exclusivas e parciais

1)Alcaldía : Réxime de dedicación exclusiva, cunha retribución mensual de 5.600 euros, a percibir en catorce pagas, que despois das retencións correspondentes supón unha percepción neta de 4.008,24 euros mensuais.

2)Concellería delegada de Urbanismo : Réxime de dedicación exclusiva, cunha retribución mensual de 3.900 euros, a percibir en catorce pagas, que despois das retencións correspondentes supón unha percepción neta de 2.976,18 euros mensuais.

3)Concellería delegada de Cultura: Réxime de dedicación exclusiva, cunha retribución mensual de 3.900 euros, a percibir en catorce pagas, que despois das retencións correspondentes supón unha percepción neta de 2.976,18 euros mensuais.

4)Concellería delegada de Turismo: Réxime de dedicación exclusiva, cunha retribución mensual de 3.075 euros, a percibir en catorce pagas, que despois das retencións correspondentes supón unha percepción neta de 2.483,49 euros mensuais.

5)Concellería delegada de Xuventude e Deportes: Réxime de dedicación exclusiva, cunha retribución mensual de 3.125 euros, a percibir en catorce pagas, que despois das retencións correspondentes supón unha percepción neta de 2.495,74 euros mensuais.

6)Concellería delegada de Persoal e Seguridade Cidadá: Réxime dedicación parcial, retribución mensual 2.900 euros, a percibir en doce pagas, dedicación mínima necesaria de 20 horas semanais, que despois das retencións correspondentes supón unha percepción neta de 2.494,00 euros mensuais.

7)Concellería delegada de Infraestrutura e Obras: Réxime dedicación parcial, retribución mensual 2.900 euros, a percibir en doce pagas, dedicación mínima necesaria de 20 horas semanais, que despois das retencións correspondentes supón unha percepción neta de 2.494,00 euros mensuais.

8)Concellería delegada de Servicios Xerais e Medio Ambiente: Réxime dedicación parcial, retribución mensual 2.900 euros, a percibir en doce pagas, dedicación mínima necesaria de 20 horas semanais, que despois das retencións correspondentes supón unha percepción neta de 2.494,00 euros mensuais.

9)Concellería delegada de Facenda, Economía e Emprego : Réxime dedicación parcial, retribución mensual 2.900 euros, a percibir en doce pagas, dedicación mínima necesaria de 20 horas semanais, que despois das retencións correspondentes supón unha percepción neta de 2.494,00 euros mensuais.

ESPECIFICACIÓNS XERAIS:

1.O número de pagas especificadas, en cada caso, enténdense anuais.

2.As dedicacións parciais non suporán cotización a seguridade social, o ter xa os titulares, que previo acordo plenario, sexan nomeados por esta Alcaldía, cobertura de previsión social, por conta propia ou allea.

3.Ós importes asignados ademais do réxime de dedicación, establécense tamén o criterio de responsabilidade no cargo.

Elévese perante o Pleno da Corporación, previo a súa fiscalización pola Intervención Xeral.””

Comezou o debate o **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, para dicir que hai vinte anos, sendo xa concelleiro, presentou un escrito e solicitou que o alcalde cobrase daquela unha peseta máis que o funcionario mellor pagado e hoxe, realmente, non se pode pensar o mesmo porque hai funcionarios que cobran moitísimo.

Considerou as retribucións que se propoñen como elevadísimas solicitando á Sra. alcaldesa que faga unha reflexión seria porque isto non se entende e que máis ben habería que lembrar aquel consello popular das nais: *“miña filla non estudes, casa ben”*. Continuou dicindo que 436.800 euros anuais en retribucións do equipo de goberno é unha cantidade excesiva por moito que nos detallen as retencións na proposta para que pareza menos e que isto lle custa 26 euros a cada veciño, sen ter en conta as asistencias as sesións que se encarecen polo voto ponderado. Tamén expuxo, que con estas propostas ponse en dúbida a honorabilidade dos políticos e que as cifras fixadas son moi perigosas se as comparamos coas de hai oito anos. Pediu á Sra. alcaldesa que se manteña o soldo ata o remate do ano pois con estas cantidades parece que non pretende traballar nunca máis. Incluso lembrou á protagonista da película *“Lo que el viento se llevó”* cando dicía *“nunca máis pasarei fame”*.

Para rematar, solicitou á Sra. alcaldesa que recapacite e non e fixe na cantidade de 78.400 euros brutos a súa retribución anual, matizando que hai que engadir o custo do seu persoal de confianza.

A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, manifestou que tódolos veciños de Sanxenxo están impactados polo *“notición”* destas retribucións, que a Sra. alcaldesa vai ser a que máis cobra da provincia por enriba, incluso, do presidente da Deputación Provincial e só a 7.000 euros do que cobra o presidente do goberno. Lamentou que a nova destas retribucións sexa o titular nas televisións e na prensa nacional. Considerou que os membros da corporación liberados deben ser remunerados polo seu traballo ó servizo dos cidadáns e, que haxa uns mellor remunerados que outros, pero é que en catro anos, coas cotas da Seguridade Social, vanse gastar catrocentos millóns das antigas pesetas e iso é un disparate. Criticou que a retribución da alcaldesa pase de 46.000 a 78.000 euros, que a doutros/as concelleiros/as pase de 24.000 a 54.000 euros, e que a dos membros da corporación con dedicación parcial pase de 12.000 a 34.800 euros. Refírese a que incluso hai unha clara desproporción entre as contías das dedicacións parciais e as totais, e isto é monstruoso. Engadiu que a partir de agora moitos veciños de Sanxenxo van a tratar de ser concelleiros do PP pois a un traballador calquera non lle soben nin o IPC e case non chega a fin de mes, mentres os concelleiros/as populares multiplican o soldo por dous ou por tres. Lembroulle a Sra. alcaldesa que vai cobrar sesenta millóns das antigas pesetas en catro anos, que un salario medio dun traballador non chega nin a cuarta parte dese soldo e que hai moitos titulados no paro. Rematou dicindo que se está a desprestixiar a vida política con estas decisións, que hai un lucro moi grande e que só cobran máis de soldos os directivos das grandes empresas.

O Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG, manifestou que habería que invertir o debate pois primeiro tería que xustificar o equipo de goberno semellantes retribucións. Afirmou que o BNG defende sempre que os cargos políticos deben ser remunerados e que xamais deben perder cartos. Pero de iso ó que se propón vai moito, xa que o salario medio dos galegos alcanza uns 1.200 euros e aínda comprendendo que os membros do goberno (e tamén os da oposición) traballan máis de

oito horas diarias podería entender, sendo xeneroso, que cobraran uns 2.400 euros. Recalcou que o que se pretende é unha tomadura de pelo ós veciños de Sanxenxo e ós de todo o país. Considerou unha “chulería” e un acto de prepotencia enviar a proposta á prensa coa retribución de 78.000 euros ó ano. Preguntoulle á Sra. alcaldesa que carreira fixo porque hai moitos médicos e catedráticos que non cobran iso, e se estamos todos tolos. Engadiu que coñece a moitos simpatizantes do PP que están moi preocupados por estas subas que motivaron titulares de prensa e comentarios dos xornalistas en varias columnas dos medios. Lembroulle a alcaldesa que na sesión de investidura dixo que sempre quería ser “Cati” para todos e senón era así que se lle dixera; pois xa chegou ese intre e pasou a ser “Dona Cati” con creces. Rematou dicindo que os veciños de Sanxenxo están moi molestos por estas retribucións solicitando á Sra. alcaldesa que tome nota, que recapacite, que traia outra proposta ó Pleno, e que retire ésta pois non se pode pretender facerse rica a conta da alcaldía.

O Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP, manifestou que os membros da oposición están tratando de obter rédito político coas súas intervencións confundindo os salarios brutos cos netos. Afirmou que 22.000 euros dos 78.000 do soldo da Sra. alcaldesa corresponden a retencións, e que dos 56.000 euros resultantes, un 60% poden ir destinados ós altos gastos de representación e así a alcaldesa vai percibir case unha retribución dun administrativo. Argumentou que tanto os cinco concelleiros/as das dedicacións totais como parciais van ter unha dispoñibilidade as 24 horas do día, que Sanxenxo é un concello especial, a pesar de ter menos poboación de dereito que outras cidades, polo seu dinamismo, considerando que no verán é a 3ª cidade de Galicia sobrepasándose os 100.000 habitantes. Engadiu que os concelleiros/as teñen traballo dabondo perante tódalas horas e que a oposición dicía sempre que hai que dignificar a vida política. Rematou dicindo que non veñen a facerse ricos, parece que se lles quere tratar de “chourizos” e que os salarios non son abusivos senón merecidos porque devolverán ós veciños en traballo, unha boa xestión para mellorar a súa calidade de vida.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, confirmou que é normal que se trate de obter rendemento porque se está a facer política, pero que ningún alcalde de Sanxenxo merece ese soldo. Tamén criticou que, en proporción, os concelleiros/as de dedicación parcial aínda van a cobrar máis que a propia alcaldesa, dicindo ademais que é improbable que dediquen ó concello ás 24 horas se teñen outros traballos particulares. Engadiu que ninguén cree que a Sra. alcaldesa pague do seu peto as súas viaxes ou estadas noutras cidades, por xestións municipais. Lembrou a suba das taxas do lixo comparando un recibo de 2001 (5000 ptas) con outro de 2005 (83 euros) dicindo que ninguén entende esta suba de retribucións en relación coa suba dos tributos. Rematou solicitando que o punto quede sobre a mesa.

A **Sra. Aguiñ Pombo** apreciou ó Sr. Casal Moldes pouco convencido na súa exposición e con argumentos pobres aínda que tería que estar contento coa súa suba. Insistiu nas cifras e nas cotas da Seguridade Social e deduciu que os gastos de representación deben ser polos traxes da Sra. alcaldesa para ir ás procesións, lembrándolle que o resto dos concelleiros/as tamén teñen que ir vestidos aínda que, as veces, teñan que ir mercar ás rebaixas como a poboación en xeral. Engadiu que os membros do equipo de goberno van parecer comisionistas dando a sensación que os

ingresos polo urbanismo valen para todo. Ofreceu facer unha enquisa para coñecer cantos veciños de Sanxenxo gañan eses soldos en oito horas de traballo, por conta allea ou por negocio particular. Rematou dicindo que parece que gobernar Sanxenxo vai ter case un custo superior ó da presidencia do goberno de España ou de Alemania.

O **Sr. Fernández Lores** comentou que apreciaba con claridade que ó Sr. Casal Moldes tocoulle o “marrón” de defender a postura do PP pero este cambio de cara do Sr. Casal que coñecía, non se entende nin indo a un centro de estética para facer unha intervención cirúrxica. Rematou dicindo que hai que ter unha cara tremenda para gastar 500.000 euros anuais entre as retribucións dos concelleiros/as do grupo de goberno máis o persoal de confianza.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que a oposición non coñece o gran traballo que estiveron a facer os concelleiros/as do seu grupo. Puxo un exemplo, dicindo que o concelleiro de deportes tido tódolos días ocupados con fins de semana enteiros e só cobraba 12.000 euros ó ano, explicando que cobrou bastante menos que algún persoal da súa concellería e que iso non lle parece ben. Rematou dicindo que como alcaldesa cobraba ata o de agora, menos de calquera técnico e que, aínda que non vai a percibir a retribución de 1 euro máis que o funcionario mellor pagado, as subas están proporcionadas en función do traballo que se vai a realizar.

Sometido o asunto a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a **favor: 9 (Grupo Municipal do PP)**

Votos en **contra: 8 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia, aprobouse a proposta.-----

11º) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA ÓS POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL EVENTUAL. A **Sra. presidenta** dixo que hai un erro na súa proposta, pois a retribución da “secretaría xefatura de gabinete da alcaldía” son 30.691,80 euros en lugar de 35.165, 22 euros.

En consecuencia, dáse lectura á proposta corrixida que literalmente di:

“”O artigo 104 da Lei 7/1985, do 2 de abril, establece que o Pleno ó comezo de cada mandato fixará o número, características e retribucións do persoal eventual, correspondéndolle á alcaldía o nomeamento destes funcionarios.

Analizadas as necesidades en canto a este tipo de persoal e continuando cos postos existentes no mandato anterior, propónse ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Fixar os seguintes postos de persoal eventual coas seguintes retribucións que figuran no orzamento de 2007:

- Secretaría xefatura de gabinete da alcaldía. Retribución anual: 30.691,80 euros.
- Xefatura gabinete prensa. Retribución anual: 25.989,60 euros.
- Secretaría adxunto. Retribución anual: 21.328,30 euros.

- Xerente de urbanismo. Retribución anual: 59.435,08 euros.

2º) Tendo en conta que non se altera o número, características e retribucións dos postos de persoal eventual ata agora existentes na corporación saínte, e que é intención desta alcaldía, ademais unha vez que o pleno, no seu caso, autorice esta proposta, confirmar ós mesmos titulares que ocupan estes postos ata o de agora dado a imperiosa necesidade dos servizos respectivos que a eficacia deste acordo teña efecto retroactivo dende o día 16 de xuño do actual, na que foi constituída a actual corporación e nomeada a actual alcaldesa.

3º) Polo tanto, que podan percibir o rateo da súa retribución dende o 16 ó 30 de xuño, en espera da ratificación do pleno a que se refire o apartado anterior. Dese conta á intervención ós efectos da preceptiva fiscalización previa.””

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, manifestou que medrou moito o custo destes postos e que hai demasiados. Matizou que o xerente de urbanismo é un arquitecto que ten unha gran responsabilidade, que é discreto e fiel a calquera equipo de goberno e que percibe 59.435 euros, ou sexa, ten unha retribución menor que a da Sra. alcaldesa. Rematou dicindo que ésta xera outros 75.000 euros de gastos co seu persoal de confianza e que iso é excesivo.

A Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, manifestou que está de acordo cos postos e que lle gustaría votar a favor pero non pode facelo polo decidido no punto anterior, ó acumularse moito gasto.

O Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG, expresouse en termos parecidos e dixo que non está en contra deste persoal, pero que se ve na obriga de votar en contra ó englobarse todo o gasto.

A Sra. Alcaldesa salientou o gran traballo deste persoal defendendo que perciban as súas retribucións dende o 16 de xuño xa que o concello non podía deter a actividade baixo ningún concepto.

Sometido o asunto a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP)

Votos en contra: 8 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, aprobouse a proposta.-----

12º) DACIÓN CONTA RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA RELATIVAS Á CREAMENTO E COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE E DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO E CONCELEIROS/AS E COMPOSICIÓN DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DO O.A. “TERRA

DE SANXENXO’. Polo **Sr. secretario** dáse lectura ás seguintes resolucións da alcaldía:

1º) RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. CREACIÓN E COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

“De conformidade co disposto nos artigos 20.1b) e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, e 65.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, é de existencia obrigatoria neste municipio a Xunta de Goberno Local, que estará integrada pola alcaldesa e un número de concelleiros/as non superior ó terzo do número legal dos que compoñen a corporación.

Visto o disposto nos artigos 52, 53 e 112.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **RESOLVO** :

PRIMEIRO: constituí-la **Xunta de Goberno Local** do **Concello de Sanxenxo**, que estará formada por esta alcaldesa e cinco concelleiros/as.

SEGUNDO: nomear **membros da Xunta de Goberno Local** ós seguintes concelleiros/as:

- D. ANGEL CASAL MOLDES
- D. SALVADOR DURÁN BERMÚDEZ
- D^a M^a PAZ LAGO MARTÍNEZ
- D^a SUSANA FERNÁNDEZ TRELLES
- D. MANUEL LÓPEZ MÉNDEZ

TERCEIRO: a Xunta de Goberno Local realizará sesión ordinaria tódolos **xoves** de cada semana ás **9,30 horas**.

CUARTO: da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que realice, notificándose, ademais, persoalmente ós designados, e publicarase no "Boletín Oficial da Provincia", sen prexuízo de súa efectividade dende o día seguinte ó da presente resolución.””

2º) RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDE.

“De conformidade co disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e 46.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: nomear **tenentes de alcalde do Concello de Sanxenxo** ós seguintes concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local:

- 1º Tenente de alcalde: D. ANGEL CASAL MOLDES
- 2º Tenente de alcalde: D. SALVADOR DURÁN BERMÚDEZ
- 3º Tenente de alcalde: D^a M^a PAZ LAGO MARTÍNEZ
- 4º Tenente de alcalde: D^a SUSANA FERNÁNDEZ TRELLES
- 5º Tenente de alcalde: D. MANUEL LÓPEZ MÉNDEZ

SEGUNDO: da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que realice, notificándose, ademais, persoalmente ós designados e publicándose no “Boletín Oficial da Provincia”, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da presente resolución.””

3º) RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. DELEGACIÓN DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

“De conformidade co disposto nos artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia e 43, 44, 52 e 53 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: delegar na **Xunta de Goberno Local** as seguintes atribucións sen prexuízo de asumilas directamente en calquera intre:

- a) *Resolución solicitudes de autorizacións e renovacións de postos de venda ambulante en mercadillos.*
- b) *O outorgamento de licenzas, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local.*
- c) *A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.*
- d) *Tramitación e adjudicación dos servizos de tempada de verán nas praias do municipio.*

SEGUNDO: da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que realice e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da presente resolución.””

4º) RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA EN MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E CONCELEIROS/AS.

“”Visto o Réxime xurídico das delegacións que a alcaldesa realice en membros da corporación establecido nos Artigos 43 a 45 e 114 a 118 do Regulamento de organización e réxime xurídico das entidades locais, en uso das atribucións conferidas polo artigo 23.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Realizar en favor dos **tenentes de alcalde**, membros da Xunta de Goberno Local que se dirán as **delegacións** seguintes:

- **D. ANGEL CASAL MOLDES:** urbanismo.
- **D. SALVADOR DURÁN BERMÚDEZ:** persoal e seguridade cidadá.
- **Dª Mª PAZ LAGO MARTÍNEZ:** cultura e educación.
- **Dª SUSANA FERNÁNDEZ TRELLES:** facenda, economía e emprego.
- **D. MANUEL LÓPEZ MÉNDEZ:** servizos xerais e medio ambiente.

SEGUNDO: realizar en favor dos **concelleiros/as** que se dirán as **delegacións** seguintes:

- **D. CONSTANTINO SANMARTÍN QUIÑONES:** infraestruturas e obras.
- **Dª ALMUDENA AGUÍN FERNÁNDEZ:** turismo.
- **D. MARTÍN OTERO OTERO:** xuventude e deportes.

TERCEIRO: a alcaldía, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas nesta Resolución sen prexuízo de súa avocación conforme a lexislación de procedemento administrativo común.

CUARTO: da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que realice, notificándose, ademais, persoalmente ós designados, e se publicará no "Boletín Oficial da Provincia", sen prexuízo de súa efectividade dende o día seguinte ó da presente resolución.””

5º) RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. NOMEAMENTO DO CONSELLO DE ADMINISTRACION DO O.A. “TERRA DE SANXENXO”.

“”O artigo 7.2 parágrafo 1º dos estatutos aprobados en sesión plenaria do 27 de xaneiro de 2004 e publicados no BOP de 4 de maio de 2004, dispón que:

“”O Consello de Administración estará integrado por un Presidente, que será o Sr. Alcalde e os concelleiros delegados de facenda, turismo, educación, cultura, deporte, medio ambiente e servizos sociais, todos eles designados pola Alcaldía.””

Esta alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, **resolve:**

PRIMEIRO: designar como membros do **Consello de Administración do O. A. “Terra de Sanxenxo”** ós seguintes concelleiros:

- **Dª Mª Paz Lago Martínez,** concelleira de cultura e educación.
- **Dª Almudena Aguín Fernández,** concelleira de turismo.
- **Dª Susana Fernández Trelles,** concelleira de facenda, economía e emprego.

- **D. Martín Otero Otero**, concelleiro de xuventude e deportes.

Deste xeito, o consello de administración queda constituído polos membros anteriormente citados baixo a presidencia desta alcaldía, non facéndose uso por parte desta alcaldía da posibilidade de nomeamento de máis membros prevista no art. 7.2. parágrafo 2º dos devanditos estatutos.

SEGUNDO: dese conta desta resolución ó Concello Pleno na primeira sesión que realice e notifíquese ós interesados/as.””

Non se produce debate e a corporación dáse por enteirada.-----

13º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DA SOCIEDADE MERCANTIL “NAUTA SANXENXO, S.L.: PRESIDENTE/A, VICEPRESIDENTE/A E CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN E CESE DE ANTERIORES CONSELLEIROS. Polo Sr. secretario dáse lectura á seguinte proposta da alcaldía:

“Tendo en conta que de acordo ó disposto no artigo 58 da Lei 2/1995, de 23 de marzo, a competencia para o nomeamento dos administradores corresponde en exclusiva a Xunta Xeral, e visto o disposto nos artigos 57 e seguintes da mencionada Lei, e tendo en conta a prescrición legal e estatutaria de dispor dun consello de administración, como forma de administración da sociedade (artigo 90 do Decreto de 17 de xuño de 1955).

Tendo en conta a necesidade de dotar dos necesarios órganos de goberno as dúas sociedades mercantís coio capital social é integramente deste Concello ó 100%, e proposta desta Alcaldía, que o Pleno da Corporación, acorde a súa vez propoñer, que as Xuntas Xerais de ámbalas dúas sociedades, que como é sabido están constituídas legal e estatutariamente polos mesmos membros que os da Corporación, acorden nomear os seus órganos de goberno de acordo a constitución da actual Corporación, e segundo o seguinte esquema:

NAUTA SANXENXO, SOCIEDADE LIMITADA

A.- DA XUNTA XERAL:

A conforman os mesmos membros do Pleno da Corporación, constituídos en Xunta Xeral, ou ben a Corporación en Pleno en funcións de Xunta Xeral (artigo 90 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais).

Visto o disposto no artigo 9º dos Estatutos sociais desta sociedade, que o Pleno aprobe nun caso (I) e propoña perante a Xunta Xeral, o seguinte:

I. Que a Xunta Xeral quede constituída polos mesmos membros que conforman a actual Corporación municipal de Sanxenxo, resultado do proceso electoral do 27 de maio de 2.007, en tanto a mesma non sufra alteracións na súa realidade xurídica, e manteña o Concello a participación integra no capital social, segundo establece o artigo 83 da Lei 7/1985 de 2 de abril, modificada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, en relación o artigo 85.ter da mesma Lei. Tamén segundo dispón o artigo 103 do Real Decreto Lexislativo 781/1986. Os actuais membros poderán ser substituídos en caso de cese ou vacante segundo dispón a Lei orgánica do réxime electoral xeral (se adxunta relación dos mesmos).

II. PRESIDENTA DA XUNTA XERAL: A Alcaldesa desta Corporación: Sra. CATALINA GONZALEZ BEA, que debe aceptar expresamente o cargo.

III. Visto o disposto nos Estatutos Sociais, se propón: VICEPRESIDENTE da Xunta Xeral a SALVADOR DURÁN BERMÚDEZ, que debe aceptar expresamente o cargo.

IV. O Secretario da Xunta Xeral será o do Concello, segundo dispón o artigo 8º dos estatutos sociais.

V. A Xunta Xeral, poderán asistir sen dereito a voto, e sen formar parte da mesma o persoal do Concello que teña o seu cargo a función interventora, de control financeiro e de eficacia, e no seu caso, o demais

persoal técnico, que se estableza pola Presidencia.

B.- DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN:

Visto o disposto no artigo 11. a) dos Estatutos sociais desta sociedade e no artigo 13 dos mesmos, que o Pleno propoña perante a Xunta Xeral, que se nomee o seguinte Consello de Administración

Queda conformado por sete membros.

Presidente/a do Consello de Administración:

A Alcadesa do Concello SRA.CATALINA GONZALEZ BEA, que lle corresponde de forma nata, segundo dispón o artigo 13.a), dos estatutos, na súa calidade de Conselleira.

Outros Conselleiros/as en representación da Corporación: artigo 13.b)

- a)SR.SALVADOR DURAN BERMÚDEZ
- b)SRA.SUSANA FERNÁNDEZ TRELLES.
- c)SR.ANGEL CASAL MOLDES.

Os que deben aceptar expresamente os seus cargos, en escritura pública.

Conselleiros/as que non son membros da Corporación: artigo 13.c)

- a)SR.ELISARDO BALBOA DOBALO.
- b)SR.JOSE ANTONIO AGUÍN UHÍA.
- c)SR.PEDRO CAMPOS CALVO SOTELO.

Os que deben aceptar expresamente os seus cargos, en escritura pública, no suposto de que sexa preciso renovar o seu mandato.

Persoal Técnico: Sen dereito a voto: artigo 13.d)

a)O persoal do Concello que teña o seu cargo a función interventora, de control financeiro e de eficacia, que poderá asistir as reunións do Consello, con voz pero sen voto.

b)Os órganos de dirección unipersoal que decida a Presidencia do Consello, e o persoal técnico que estime conveniente segundo a natureza da reunión o requira.

O Consello de Administración de acordo o disposto no artigo 15 dos estatutos designará a persoa que exerza como Secretario/a que non necesariamente será membro deste órgano, e tamén poderá nomear un vicepresidente/a.

C.- DO CESE OU SEPARACIÓN DE MEMBROS DO COSELLO DE ADMINISTRACIÓN:

Con motivo do proceso electoral do 27 de maio de 2.007, perderon a súa condición de concelleiros, os SRS. FERNANDO VILLAVERDE GONZALEZ E FRANCISCO VILLAVERDE OTERO, polo que de acordo o disposto no artigo 44.1.b) da Lei 2/1995, de 23 de marzo, é preciso o seu cese expreso pola Xunta Xeral desta sociedade o que se propón por esta Alcaldía o Pleno, para que a súa vez se eleve perante a Xunta Xeral.””

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, anunciou o seu voto en contra xa que a oposición non está representada. Rematou criticando que no tema das comisións buscou unha solución co voto ponderado e neste tema quedan todos fóra.

Tamén a **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista**, anunciou o seu

voto en contra pois a pesar de ser unha sociedade municipal ó 100% non está representada a oposición. Rematou dicindo que todo está moi escuro en “Nauta”.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que a representación dos grupos está na Xunta Xeral afirmando que as actitudes dos membros da oposición sempre foron contrarias a esta sociedade, que necesita un consello de administración operativo sen atrancos no seu funcionamento.

Sometido o asunto a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP)

Votos en contra: 8 (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, aprobouse a proposta.-----

14º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DA SOCIEDADE MERCANTIL “INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L.”:PRESIDENTE/A, VICEPRESIDENTE/A E CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN E CESE DE ANTERIORES CONSELLEIROS. Polo Sr. secretario dáse lectura á seguinte proposta da alcaldía:

“Tendo en conta que de acordo ó disposto no artigo 58 da Lei 2/1995, de 23 de marzo, a competencia para o nomeamento dos administradores corresponde en exclusiva a Xunta Xeral, e visto o disposto nos artigos 57 e seguintes da mencionada Lei, e tendo en conta a prescrición legal e estatutaria de dispor dun consello de administración, como forma de administración da sociedade (artigo 90 do Decreto de 17 de xuño de 1955).

Tendo en conta a necesidade de dotar dos necesarios órganos de goberno as dúas sociedades mercantís coio capital social é integramente deste Concello ó 100%, e proposta desta Alcaldía, que o Pleno da Corporación, acorde a súa vez propoñer, que as Xuntas Xerais de ámbalas dúas sociedades, que como é sabido están constituídas legal e estatutariamente polos mesmos membros que os da Corporación, acorden nomear os seus órganos de goberno de acordo a constitución da actual Corporación, e segundo o seguinte esquema:

INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DE VIVENDA E SOLO, SOCIEDADE LIMITADA
--

A.- DA XUNTA XERAL:

A conforman os mesmos membros do Pleno da Corporación, constituídos en Xunta Xeral, ou ben a Corporación en Pleno en funcións de Xunta Xeral (artigo 90 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais).

Visto o disposto no artigo 10.a) dos Estatutos sociais desta sociedade, que o Pleno aprrobe nun caso (I) e propoña perante a Xunta Xeral, o seguinte:

- I. Que a Xunta Xeral quede constituída polos mesmos membros que conforman a actual Corporación municipal de Sanxenxo, resultado do proceso electoral do 27 de maio de 2.007, en tanto a mesma non sufra alteracións na súa realidade xurídica, e manteña o Concello a participación íntegra no capital social, segundo establece o artigo 83 da Lei 7/1985 de 2 de abril, modificada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, en relación o artigo 85.ter da mesma Lei. Tamén segundo dispón o artigo 103 do Real Decreto Lexislativo 781/1986. Os actuais membros poderán ser substituídos en caso de cese ou vacante segundo dispón a Lei orgánica do réxime electoral xeral (se axunta relación actual dos membros da Corporación).

- II. PRESIDENTA DA XUNTA XERAL: A Alcaldesa desta Corporación: Sra. CATALINA GONZALEZ BEA, que debe aceptar expresamente o cargo.
- III. Visto o disposto nos Estatutos Sociais, se propón: VICEPRESIDENTE da Xunta Xeral a ANGEL CASAL MOLDES, que o será tamén do Consello de Administración, segundo os estatutos, o que debe aceptar expresamente o cargo.
- IV. O Secretario da Xunta Xeral será o do Concello, segundo dispón o artigo 12º dos estatutos sociais.
- V. A Xunta Xeral, poderán asistir sen dereito a voto, e sen formar parte da mesma o persoal do Concello que teña o seu cargo a función interventora , de control financeiro e de eficacia, o xerente/a do O.A Xerencia de Urbanismo e no seu caso, o demais persoal técnico, que se estableza pola Presidencia.

B.- DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN:

Visto o disposto no artigo 12. a) dos Estatutos sociais desta sociedade e no artigo 13 dos mesmos, que o Pleno propoña perante a Xunta Xeral, que se nomee o seguinte Consello de Administración

Queda conformado por cinco membros.

Presidente/a do Consello de Administración:

A Alcaldesa do Concello SRA. CATALINA GONZALEZ BEA, que lle corresponde de forma nata, segundo dispón o artigo 12.a), dos estatutos, na súa calidade de Conselleira.

Outros Conselleiros/as en representación da Corporación: artigo 12.b)

- a) SR. ANGEL CASAL MOLDES.
- b) SRA. SUSANA FERNÁNDEZ TRELLES.
- c) SR. CONSTANTINO SANMARTÍN QUIÑONES.
- d) SRA. DULCINEA AGUÍN POMBO.

Os que deben aceptar expresamente os seus cargos, en escritura pública.

Conselleiros/as que non son membros da Corporación: artigo 12.b)

* Non se propoñen e quedan vacantes ó momento presente.

Persoal Técnico: Sen dereito a voto: artigo 12.c)

a)O persoal que teña o seu cargo a función interventora, de control financeiro e de eficacia, que poderá asistir as reunións do Consello, con voz pero sen voto.

b)Xerente do Organismo Autónomo "Xerencia Municipal de Urbanismo". Xerente da Sociedade que poderá asistir as reunións do Consello, con voz pero sen voto.

c)Xerente da Sociedade que poderá asistir as reunións do Consello, con voz pero sen voto.

O Consello de Administración de acordo o disposto no artigo 15 dos estatutos designará a persoa que exerza como Secretario/a que non necesariamente será membro deste órgano, e tamén poderá nomear un vicepresidente/a.

C.- DO CESE OU SEPARACIÓN DE MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN:

Con motivo do proceso electoral do 27 de maio de 2.007, perderon a súa condición de concelleiros, os SR. JAIME LEIRO OTERO, polo que de acordo o disposto no artigo 44.1.b) da Lei 2/1995, de 23 de marzo, é preciso o seu cese expreso pola Xunta Xeral desta sociedade o que se propón por esta Alcaldía o Pleno, para que a súa vez se eleve perante a Xunta Xeral.

A súa vez a aceptación da renuncia do Sr. ROBERTO ALFONSO FERNÁNDEZ LORES.

Tendo en conta o réxime aplicable o persoal eventual, recollido no artigo 104 da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, é preciso, que a Xunta Xeral, acorde de forma expresa o cese como Conselleira da anterior xerente de urbanismo SRA.ENCARNACIÓN RIVAS DÍAZ.””

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, manifestou que nesta sociedade tivo a Sra. alcaldesa a oportunidade de que se inclúan no consello dous membros da oposición aínda que él quedara fóra, non entendendo porque non se fai.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que habería tempo para modificar a proposta máis adiante, se cambian as circunstancias.

Sometido o asunto a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP)

Votos en contra: 4 (Grupo Municipal do BNG)

Votos pola abstención: 4 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, aprobouse a proposta.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión sendo as vinte e dúas horas e trinta minutos, de todo o que, eu secretario dou fe: